UD	Título da UD	Duración
12	Estatística	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de experimentos deterministas e aleatorios poñendo exemplos de cada un deles.		
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes más simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dados dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias descompoñendo un problema en partes más simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA5.3 - Modelizar situacions e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización interpretando e modificando algoritmos.	PE	62
CA5.4 - Recoñecer situacions susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional establecendo e aplicando conexións dos datos co mundo real.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos empregando a linguaxe estatística con precisón e rigor.		

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	TI	38
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos, procedementos e resultados de estatística e probabilidade usando diferentes ferramentas (lapis e papel, calculadora e/ou software estadístico) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razonamentos, procedementos e conclusóns.	Eixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados utilizando describindo, explicando e xustificando razonamentos procedementos e conclusóns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estadísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.</li> <li>- Recollida e organización de datos en situacíons da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas más adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacíons...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusóns razoadas.</li> <li>- Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo.</li> <li>- Comparación de dous conjuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión.</li> <li>- Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos.</li> <li>- Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real.</li> <li>- Uso de técnicas estadísticas para o tratamiento de grandes cantidades de datos.</li> <li>- Contribución da estatística ao progreso da sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	8

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razonada ao lles fazer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razonada ao lles fazer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escucha activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escucha activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

## 4.1. Concreciones metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa más axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introduciranse os contidos a partir de situacions problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

### MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

#### A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás-aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar esos conceptos.

#### Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

#### Métodos demostrativos

A diferencia deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combináránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

#### Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

#### Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacions problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

## TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente más estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

### Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario proponer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense proponer actividades de ampliación para proponer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

### Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada ánda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (indicar cal)
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática
Software específico e aplicácións web (uso de Geogebra, por exemplo)
Canle de Youtube e páxina web do profesor

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolvida na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>
<b>Proba escrita</b>	70	60	70	60	60	75	60	85	75	75
<b>Táboa de indicadores</b>	30	40	30	40	40	25	40	15	25	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	62	0	<b>48</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	38	100	<b>52</b>

### Criterios de cualificación:

En cada unha das tres evaluacións a cualificación obterase do seguinte xeito:

A. Un 60% da mesma estará formada pola media aritmética das probas escritas. En cada avaliação realizarase habitualmente tres probas escritas (a cantidade pode sufrir modificacións en función das circunstancias de aprendizaxe) coas actividades específicas asociadas aos diferentes criterios de avaliação.

B. O 40% restante obterase coa ponderación seguinte: Actividade diaria do alumno en clase, valorada nun 15% da cualificación (observación directa, rexistro no caderno do/a docente). Actividade encomendada ao alumno fóra das sesións de clase presencial (actividades a realizar en casa, traballos asignados, etc), valorada nun 10%. Actividade recollida no seu caderno de traballo, valorada nun 5%. Actividades de autoavaliación de cada unidade, cun 10% de ponderación, nas que o alumnado poderá utilizar o seu caderno e o libro de texto, autocorribles na aula.

O caderno de actividades será revisado unha vez por cada trimestre segundo a expresión matemática:

Ncaderno = Ncontido \* (Nestrutura + Nforma)

A cualificación do alumnado en cada avaliação será a suma da cualificación media das probas escritas (máximo 6 puntos) e a cualificación debida á actividade do alumnado nos termos antes establecidos (máximo 4 puntos). Considérase que un alumno/a ten superada unha avaliação se obtén ao menos un 5 despois de aplicar os criterios anteriores.

En todo caso, o profesorado do Departamento de Matemáticas traballará con cualificacións con dúas cifras decimais. Aquel alumnado que non supere a primeira ou a segunda avaliação, deberá presentarse a unha proba de recuperación.

Para o alumnado que supere as tres evaluacións do curso: a súa cualificación final será a media aritmética das notas das tres evaluacións (o profesor utilizará as notas de cada avaliação con dúas cifras decimais).

Para aquel alumnado que, despois das probas do terceiro trimestre, teña algunha avaliación sen superar presentarase a un exame final.

#### Criterios de recuperación:

Despois da primeira e da segunda avaliación, cada alumno/a que non superase esa avaliación poderá recuperala do seguinte xeito: deberá presentarse a unha proba escrita, que suporá o 60% do valor da recuperación. Asemade, o/a docente proporcionaralle actividades preparatorias de reforzo, que deberán ser entregadas con anterioridade á proba, e que contarán o 40% restante.

Ao resultado desta proba, sobre un máximo de 6 puntos, sumaráselle a cualificación por traballo que acadou nesas actividades (máximo 4 puntos), de modo que se alcanza un mínimo de 5 puntos considerarase recuperada, e aprobada, esa avaliación coa correspondente cualificación numérica.

Proba final de curso. Cada alumno/a que, despois das probas correspondentes ao terceiro trimestre, teña algunha avaliación non aprobada, presentarase á proba final (ponderación do 60%, máximo de 6 puntos), coa seguinte casuística:

Se o/a alumno/a ten unha avaliación sen superar, deberá presentarse a unha proba escrita final únicamente sobre as unidades desa avaliación. O restante 40% (4 puntos) obterase mediante a entrega de actividades de reforzo, que no caso das dúas primeiras avaliacións poderán consistir na entrega das anteriormente adxudicadas para ser corrixidas e/ou refeitas. Para aprobar a materia, con esta nova cualificación na avaliación á que se presenta a exame, o alumno deberá obter unha puntuación non inferior a 5 na media das tres avaliacións. En todo caso, o profesor traballará con dúas cifras decimais. A cualificación final do curso será a media aritmética das tres avaliacións.

Se o/a alumno/a ten dúas ou más avaliacións sen superar, deberá presentarse a unha proba final sobre a totalidade das unidades impartidas, cunha ponderación dun 60% (máximo de 6 puntos). Obterase a cualificación final do curso sumando a nota acadada nesta proba final coa cualificación obtida nas actividades de reforzo (40%, máximo de 4 puntos) das tres avaliacións anteriores, nas mesmas condicións establecidas no parágrafo anterior. Para que o/a alumno/a aprobe a materia debe acadar un mínimo de 5 puntos nesa suma.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos que teñan a materia de Matemáticas pendente de cursos anteriores poderán recuperala do seguinte modo:

Ao inicio do curso, o docente informará do temario correspondente á materia. Ao longo de cada un dos tres trimestres do curso, o/a profesor entregará un conxunto de actividades preparatorias para a materia pendente. O alumnado debe realizar as actividades e entregalas nas datas que se vaian fixando, e que serán revisadas ou corrixidas polo/a docente do Departamento de Matemáticas que lle dá clase no presente curso, que será quien as avalíe. Permanecerase en contacto para resolver as posibles dúbidas que vaian xurdindo, resolvendo cuestións que se plantexen, realizando as correccións que procedan e dando as instrucións que se precisen para acadar as aprendizaxes e para conseguir que o alumnado constrúa os seus coñecementos. Estas actividades terán una ponderación dun 40% da cualificación (máximo de 4 puntos).

Asemade, o alumnado presentarase trimestralmente a dúas probas escritas da materia, que ponderará un 60% da cualificación (máximo de 6 puntos, 3 puntos cada unha). A suma das dúas partes anteriores (actividades e probas escritas) deberá acadar 5 puntos para superar a materia nese trimestre.

No caso de que algún alumno/a non conseguise acadar 5 puntos nesa suma, terá a posibilidade de recuperar esa parte non aprobada na seguinte avaliación, de xeito que, ademais das actividades e a proba desa nova avaliación, deberá presentarse á parte correspondente a/ás non superadas anteriormente (proba escrita e actividades, estas últimas podendo consistir en refacer e/ou corrixir as anteriormente entregadas).

Terá superada a materia aquel alumnado que acade 5 puntos nas tres avaliacións.

Se o alumno ten unha avaliación sen superar, deberá presentarse a unha proba escrita final únicamente sobre as unidades desa avaliación. O restante 40% (4 puntos) obterase mediante a entrega de actividades de reforzo, que no caso das dúas primeiras avaliacións poderán consistir na entrega das anteriormente adxudicadas para ser corrixidas e/ou refeitas. Para aprobar a materia, con esta nova cualificación na avaliación á que se presenta a exame, o alumno deberá obter unha puntuación non inferior a 5 na media das tres avaliacións. En todo caso, o profesor traballará con dúas cifras decimais. A cualificación final do curso será a media aritmética das tres avaliacións.

Se o alumno ten dúas ou más avaliacións sen superar, deberá presentarse a unha proba final sobre a totalidade das unidades impartidas, cunha ponderación dun 60% (máximo de 6 puntos). Obterase a cualificación final do curso sumando a nota acadada nesta proba final coa cualificación obtida nas actividades de reforzo (40%, máximo de 4 puntos) das tres avaliacións anteriores, nas mesmas condicións establecidas no parágrafo anterior. Para que o/a

alumno/a aprobe a materia debe acadar un mínimo de 5 puntos nesa suma.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Neste grupo temos 3 alumnos con necesidades educativas específicas Unha sesión á semana 2 alumnos salen coa profesora de P.T: Asemeño segundo vamos observando as dificultades iránse facendo reforzos educativos a aqueles alumnos que non susperen algúna avaliación ou presenten dificultades para poder superala.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

**Observacións:**

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos).
2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).
3. O emprendemento social e empresarial Observación: proponeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.
4. O fomento do espírito crítico Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.
5. A educación emocional e en valores Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao MUNCYT	Realizarase unha unha visita ao museo MUNCYT para apreciar a aplicación das matemáticas en diversos ámbitos coñecemento.			
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.			

<b>Actividade</b>	<b>Descripción</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporarse ao alumnado a participación na olimpíada matemática organizada pola AGAPEMA			

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Metodoloxía empregada
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

**Descripción:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliaciós, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

## 9. Outros apartados